

# A CAL E OS SEUS USOS.

AS CORCERIZAS. 15-17 DE MAIO DE 2014

Estamos a organizar un segundo curso "CAL E OS SEUS USOS", da man de [JOYSTUC](#), que é. unha empresa especializana formación no uso da cal. facemolo pola boa experiencia do primeiro curso realizado en outubro do ano pasado .

Si quere ver fotos do curso anterior, podes acceder a este enlace

<https://www.facebook.com/media/set/?set=a.404468566342639.1073741830.329119357210894&type=3>



Este curso plantéxase co obxectivo primordial de poñer en coñecemento das participantes a cal en pasta, para a súa aplicación en restauración/conservación do Patrimonio Histórico, bioconstrución, construción ecolóxica e autoconstrución.

O curso vai dirixido a tódolas persoas profesionais do mundo da construción e do estuco, especialmente a: pintoras, decoradoras, albanéis, interioristas, aparelladoras, arquitectas ou enxeñeiras, conservadoras, restauradoras, bioconstrutoras, rehabilitadoras, arqueólogas, técnicas de patrimonio, etc. Pero tamén a todas aquelas persoas interesadas na mellora da calidade da súas vivendas e da sostibilidade.

## ***DATOS DO CURSO***

**Lugar:** [Centro de educación ambiental As Corcerizas](#) (na serra de S. Mamede, a 10km de Arnui-de-Ourense)

Para chegar podedes consultar este enlace: [como chegar](#)

**Datas:** xoves 15 , venres 16 e sábado 17 de maio

**Horario: 9:30 a 13:30 - 15:30 a 18:30 (o sábado é unha hora menos)**

**Duración: 20hs**

**Prazas: 20 persoas**

**Custe curso: 200€**

**Custe aloxamento:**

- **Aloxamento : 15€ persoa e noite**
- **Comidas soltas (Xantar, ou cear): 15€ persoa**
- **Aloxamento e pensión completa\*: 80€ persoa -**
- **Pensión completa dia\*\*: 30€ persoa e dia**
- **Pensión completa curso\*\*\*: 60€ persoa**

**Se non te aloxas nin fas ningunha comida alí, non tes ningún custe engadido.**  
(prezos con IVE incluído)

(\* ) O total do aloxamento e manutención para o curso son dúas xornadas con pensión completa e un xantar.

(\*\* ) A pensión completa dun día inclúe 1 almuerzo, 1 xantar e 1 cea.

(\*\*\* ) A pensión completa do curso inclúe 2 pensións completas mais 1 xantar.

## **PROGRAMA**

No curso trataranse os seguintes puntos a nivel teórico:

- Definición de áridos, análise e clasificación.
- Introducción teórica a práctica de formulación de morteiros cos áridos de cada participante.
- Pigmentos.
- Distintas concentracións de cal en disolución. Aplicación.
- Preparación de cores.
- Hidraulización de pastas aéreas. Morteiros romanos. Rexuntados ou encintados.

- Pavimentos.

A nivel práctico se realizarán os seguintes obradoiros:

- Análisis dos soportes e preparación de morteiros e ferramentas adecuadas.

- Execución de capas base.

- Capa base. Formulación de morteiros cos áridos dos participantes.

- Cor da cal. Realización de 2 cores.

- Capa intermedia. Proporções. Acabados.

- Estuco Lume (Estuco al fuego). Fresco.

- Pinturas de cal.

- Veladuras de auga forte.

- Esgrafiado. Preparación e execución.

- Pavimentos continuos.



A calidade da formación é elevada, como xa moitas de vos o poidestes comprobar nas Xornadas de Viveiro. Podedes ver [aquí](#) fotos das obras executadas por JOYSTUC en máis de dez anos de actividade, e a versatilidade que presenta este gran material aplicable tanto en exteriores, interiores, zonas húmedas, pavimentos...

Quen así o desexe poderá obter o certificado de asistencia e aproveitamento de JOYSTUC FORMACIÓ, DIFUSIÓ I ASSESSORAMET EN CALÇ.

### **INSCRIPCIÓNS:**

As inscricións (tanto sexa para o curso como para o aloxamento e manutención) se realizarán a través do noso enderezo electrónico: [espigabioconstrucion@gmail.com](mailto:espigabioconstrucion@gmail.com) , indicando no asunto "curso cal", e facilitando o teu nome, enderezo electrónico e teléfono. Xa dende o enderezo, facilitaremos o número de conta para facer o pagamento e máis detalles (ferramentas, roupa axeitada, etc...) para asistir ao curso.

**ESPERÁMOSVOS!**